

## **PROPOSTA DE ACCIÓN EXTRAORDINARIA EN RELACIÓN Á ESCASA PROGRAMACIÓN DE DANZA NOS TEATROS GALEGOS, E A XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS Á CREACIÓN (PROXECTOS DE DANZA) E DAS COPRODUCCIÓN CO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO.**

Os días 11 e 12 de marzo de 2021 reúnese unha parte importante do sector da danza contemporánea e as artes do movemento de Galicia nas *Xornadas de Danza e Artes Vivas en Galicia: A Cultura (plural) é un dereito* de Escena Plural para a Deputación de A Coruña no Teatro Colón da cidade. Os diferentes bloques de debate abordaron cuestións como renovación de relacións (territorio - mobilidade - sustentabilidade), a danza nos medios (divulgación - crítica - debate social), códigos deontolóxicos, innovación xurídica, residencias artísticas e a danza nos teatros.

No debate xenerado na mesa *Un teatro para a danza, a danza en todos os teatros* na que participaron Rut Balbís (Pisando Ovos), Manu Lago (Galicia Danza Contemporánea), Javier Martín (Coreógrafo e investigador), Paulo Rodríguez (Teatro Rosalía de Castro) e María Paredes (programación Agadic), así como nos debates informais xurdidos entre axentes nas pausas das xornadas, trouxo ao primeiro plano unha serie de datos que, na situación xeral dos espazos e actual estado de reubicación e polo tanto sobreprogramación dos espazos da RGTA, supoñen unha especial preocupación para o sector da danza en xeral, e en particular para os proxectos seleccionados a través das axudas á creación e a través da convocatoria de coproducións co Centro Coreográfico Galego:

-En Galicia prodúcese unha media de 20 espectáculos de danza e artes do movemento ao ano, ao tempo que se manteñen en distribución outros espectáculos de repertorios vivos das compañías.

-En Galicia programan danza de forma estable apenas 3 teatros da RGTA (Teatro Rosalía de A Coruña, Pazo da Cultura de Carballo e un terceiro espazo que pivota nos diferentes semestres entre Compostela, Vigo e Ourense). Outros espazos programan de forma moi puntual espectáculos de danza.

-En 2020 foron beneficiarios un total de 11 espectáculos de danza e artes de movemento, a través das axudas á creación (modalidade danza e modalidade nova creación) e das coproducións do Centro Coreográfico Galego. \*Achégase listado de espectáculos, en anexo ao final do documento.

-No 2020 a Agadic apoiou un total de 44 funcións de danza<sup>1</sup> a través das distintas redes (30 na RGTA, 11 na RGS, 2 en CNC), das cales 9 funcións corresponden a compañías de fóra de Galicia e 35 a compañías galegas. Estas 35 funcións son unha pequena proporción do total anunciado de 600 funcións de artes escénicas programadas no ano.

-As compañías de danza beneficiarias no 2020 precisan realizar 49 funcións antes da finalización do 2021 para a xustificación de tales axudas e contratos de coprodución.

-Ás anteriores 49 funcións de danza, sumaranse no calendario de distribución as funcións que requirirán as novas convocatorias de coproducións do CCG 2021, xa convocadas e que manteñen o requisito de distribución. Ademais, por suposto, do resto de espectáculos

---

<sup>1</sup> Cifras consultadas no portal Galescena. A maiores, outras 10 funcións de compañías de circo, inclúen danza ou artes do movemento nas súas propostas, pero non se inclúen no cómputo por non ser compañías de danza ou artes do movemento propiamente.

de danza de compañías galegas que non foron beneficiarias destas axudas ou coproducións.

### **Conclusións xerais:**

-A administración pública en Galicia a través da Agadic ofrece un importante apoio á creación coreográfica a través das axudas á creación e coproducións co Centro Coreográfico Galego, investindo uns importantes recursos públicos que, porén, non acaban de revertir na cidadanía. A dificultade de distribución deses espectáculos en Galicia, conleva non só problemas para as compañías no seu desenvolvemento profesional, tamén provoca que a cidadanía case non poida disfrutar da creación galega neste eido.

-Numerosas iniciativas independentes, como o Colectivo RPM a través das Residencias Paraíso, os novos espazos de creación e os programas de mediación, xeran un importante apoio á investigación, mediación e residencias de creación; e todxs xs axentes do sector están implicados na búsqueda de procedementos administrativos e xurídicos que permitan a apertura dos teatros para dar acollida a estes procesos e iniciativas.

-A RGTA, RGS e CNC non absorven na súa programación unha cota de espectáculos de danza e artes do movemento mínimamente suficiente para que o apoio á creación e investigación acadese os seus obxectivos, nin para que a sociedade galega teña o debido acceso ao disfrute da cultura –no relativo ás artes do movemento–, máis alá duns poucos núcleos urbanos.

-En síntese, estamos ante un sistema de promoción da danza que non acaba de funcionar, con falta de oportunidades para o sector profesional amosar o seu traballo, e que xera desequilibrios e desconexión entre a comunidade artística e a cidadanía, por non promover de maneira axeitada as distintas fases: investigación, creación, produción e distribución (esta última é claramente deficitaria).

### **Problemática detectada a nivel inmediato:**

Diferentes proxectos que recibiron apoio nas últimas convocatorias (á creación e/ou coprodución co CCG) están tendo serias dificultades de distribución, existindo o risco de que as compañías non poidan realizar a xustificación das funcións mínimas requeridas nos períodos correspondentes tendo xa producidos os espectáculos.

Cómpre instrumentar unha solución a esta situación, que vén dun problema estrutural na distribución (a escasa distribución da danza nos espazos das redes públicas), o cal se acrecenta especialmente neste ano en que a crise do Covid19 dificulta aínda máis a mobilidade e a distribución fóra de Galicia, pois os teatros están sufrindo peches e aprazamentos.

### **Posibles medidas urxentes:**

-Abrandar nas xustificacións as funcións mínimas requeridas nas diferentes convocatorias e contratos de coprodución.

-Ampliar os prazos para a realización das funcións, baseando ampliacións na situación extraordinaria que aínda estamos a atravesar por mor da crise sanitaria (e que chegou a provocar, no 2021, un peche temporal dos teatros e auditorios galegos).

-Permitir a xustificacións das producións sen ter en conta as datas de estrea (canceladas nalgúns casos neste momento, tendo como data límite o 15 de maio 2021)-, ata a

finalización do ano en curso 2021 e con posibilidade de introducir aprazamentos adicionais excepcionais ata o 2022 en base a peticións debidamente xustificadas.

**Medidas a curto/medio prazo:**

-Incorporar no Plan da Danza a figura de facilitador/a de distribución, mediación e circulación; para prestar apoio ás compañías e profesionais de Galicia, así como asesoramento aos espazos programadores, servindo de ponte entre ambas partes e ao servizo da garantía de acceso para a cidadanía. Esta figura podería incorporarse ao organigrama do CCG no camiño da súa refundación/reactivación.

-Normativa de espazos RGTA: modificación das cotas actuais, coa obrigatoriedade de programar danza para todos os espazos.

-Organización de ciclos especiais ou itinerancias especiais de danza (semestral ou anual), co obxectivo de garantir a circulación e facilitar a introdución de programas de danza en espazos onde a cidadanía habitualmente non disfruta destes.

-Poñer estas iniciativas anteriores en conexión cos proxectos e iniciativas independentes xa existentes, para crear rede e facer que uns programas se apoiem nos outros, beneficiándose mutuamente e logrando maiores impactos.

**CONSIDERANDO todo o anterior, SOLICITAMOS:**

***Que sexa valorada esta proposta dende a Dirección da AGADIC e que, de maneira dialogada co sector, se adopten as ditas medidas urxentes sinadas na anualidade 2021. Ademais, que se valoren e tomen en consideración o resto de medidas propostas a curto e medio prazo, no marco das políticas e programas que está a desenvolver a Axencia en relación coa danza, incluído o proceso de elaboración do PID.***

*En Santiago de Compostela, a 15 de abril de 2021*

PAM - Plataforma Artes do Movemento

<https://www.pamgaliza.org/>

[plataformaartedomovimento@gmail.com](mailto:plataformaartedomovimento@gmail.com)

## **ANEXO 1: Listado de proxectos de danza e artes do movemento beneficiarios de axudas á creación e de contratos de coproducións co CCG no ano 2020:**

[http://www.agadic.gal/gfx/Blog/files/axudas\\_creacion\\_escenica\\_20.pdf](http://www.agadic.gal/gfx/Blog/files/axudas_creacion_escenica_20.pdf)

<http://www.agadic.gal/Avisos/detalles/683>

- EM•NA* de Colectivo Glovo. Axudas á creación. Mod. Nova creación.
- Mocap en beta* de Matías Daporta. Axudas á creación. Mod. Nova creación.
- El dispositivo* de Teatro Ensalle. Axudas á creación. Mod. Danza e artes do movemento.
- El diablo en la playa* de Vallés & Patiño SC. Axudas á creación. Mod. Danza e artes do movemento.
- Teorema* de Javier Martín. Axudas á creación. Mod. Danza e artes do movemento.
- Nina Ninette* de Paula Quintas · Traspediente. Axudas á creación. Mod. Danza e artes do movemento.
- Os coidados* de Kirenia Danza. Axudas á creación. Mod. Danza e artes do movemento.
- Technocracia* de Cristina Balboa / Funboa Escénica. Axudas á creación. Mod. Danza e artes do movemento.
- Festina Lente* de Colectivo Vacaburra / Andrea Quintana. Coprodución Centro Coreográfico Galego.
- Umbral* de Javier Martín. Coprodución Centro Coreográfico Galego.
- Tres Tristes 2.0* de Kirenia Danza. Coprodución Centro Coreográfico Galego.

## **ANEXO 2: Listado de profesionais, compañías e proxectos integrantes da PAM**

### COMUNIDADE

[Alba F. Cotelo](#)  
[Alejandra Balboa](#)  
[Andrea Quintana](#)  
[Anxela Blanco](#)  
[Carlota Pérez](#)  
[Caterina Varela](#)  
[Clara Ferrao](#)  
[Cris Vilariño](#)  
[Diego M. Buceta](#)  
[Erick Jiménez](#)  
[Estefi Gómez](#)  
[Esther Latorre](#)  
[Eva Comesaña](#)  
[Félix Fernández](#)  
[Fran Martínez](#)  
[Hugo Pereira](#)  
[Isabel Sánchez](#)  
[Javier Martín](#)  
[Julia Laport](#)  
[Manu Lago](#)  
[María Llanderas](#)  
[Marta Alonso Tejada](#)  
[Mikel Aristegui](#)  
[Myriam González](#)  
[Natalia Balseiro](#)  
[Nuria Sotelo](#)  
[Paula Quintas](#)  
[Rut Balbís](#)  
[Sabela Domínguez](#)  
[Sabela Mendoza](#)  
[Sabela Ramos](#)

### PROXECTOS que conformamos

[Arquivo Online Danza Contemporánea de Galicia](#)  
[Asociación de Danza de Gondomar](#)  
[Can Cun Quinqué](#)  
[Cara unha Escena Plural](#)  
[Cía. Exire](#)  
[Colectivo RPM](#)  
[Compañía 5s](#)  
[De Corpos Presentes](#)  
[Elahood](#)  
[Experimentadanza](#)  
[Festival Corpo\(a\)Terra](#)  
[Galicia Danza Contemporánea](#)  
[Glovo - colectivo en danza](#)  
[IGAPA Instituto Galego de Praxe Actual](#)  
[La Macana](#)  
[Laboratorio escénico Coop.](#)  
[Licenciada Sotelo](#)  
[O tempo do corpo](#)  
[Pálido Domingo](#)  
[Plataforma Afectadas polo Centro Coreográfico Galego](#)  
[Presente Continuo](#)  
[Pisando Ovos](#)  
[SIL Producciones - Artes en Movimiento](#)  
[Sólo dos](#)  
[Traspediente](#)  
[Tuatha](#)